



PAXAROS NO CABO

UN ESPECTÁCULO MULTIDISCIPLINAR DE DANZA VERTICAL CIRCO MÚSICA E TEATRO DE PISTACATRO

PAXAROS NO CABO

PISTACATRO PRESENTA

DANZA VERTICAL

CIRCO

MÚSICA

TEATRO



PAXAROS NO CABO é unha proposta multidisciplinar, onde a danza vertical convive coa música en directo e o audiovisual, así como con outras técnicas circenses, para crear un traballo coral que investiga o límite entre o interior e o exterior das persoas, tanto física como emocionalmente. Nunca como ata o de agora tivemos tan presentes eses límites, que, fisicamente, se materializaron nas paredes das nosas propias casas e, emocionalmente, na separación e distancia doutras persoas.

Pistacatro propón en **PAXAROS NO CABO** unha reflexión sobre as fronteiras entre o “fóra” e o “dentro”, creando unha fermosa alegoría escénica entre o corpo físico, achegado á terra, e a imaxinación, que abre portas e xanelas infinitas e onde os límites son establecidos única e exclusivamente por cada persoa. Un personaxe, Hermes, chega a un espazo común (que podería ser calquera dos barrios nos que vivimos) para traer unha mensaxe e, se fose oportuno, recoller os que lle entreguen os habitantes anónimos que atopa, revelando así o escaso tempo que tomamos en decidir o que queremos, o que realmente necesitamos.



PISTACATRO é a compañía e a produtora de circo máis relevante das Artes Vivas en Galicia. Distribue as súas propias producións ou algunhas outras que nacen da matriz creativa do proxecto Circonove, así como aquelas que consideramos importantes baixo criterios de calidade e interese cultural.



Logo de máis de 15 anos dende a súa constitución oficial, no ano 2006, **PISTACATRO** pretende continuar asentándose como a produtora decana das novas correntes circenses en Galicia, abrindo novos mercados e públicos. Un facilitador de profesionalización do circo na nosa terra baixo criterios de calidade e interese cultural, respectando os dereitos dos traballadores e artistas que, dalgún xeito, participan no noso proxecto. Queremos ser un catalizador que permita a comunicación con outras persoas e proxectos para xerar cultura en coprodución ou en colaboración manténdonos fieis á nosa complicidade co público. Un mecano nas mans dos seus integrantes para compartir soños.

FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

Idea orixinal de: Belém Brandido / Pistacatro

Dramaturxia: Clara Gayo, Antón Coucheiro

Dirección: Clara Gayo

Elenco: Aitor Garuz, Nacho Muñoz, Raquel Oitavén, Paula Quintas, Mercè Solé

Dirección de movemento na escena: Ruth Balvís

Coreografías Aéreas: Cia. Duelirium

Música: Nacho Muñoz

Audiovisual: Marta Valverde

Deseño concepción espazo e arte: Belém Brandido

Deseño iluminación: Baltasar Patiño

Deseño de son: Gevi

Asistencia técnica: RTA

Asistencia rigging e estruturas escenografía: Sacaferro

Deseño imaxe: Juan Gallego

Fotografías: Rubén Vilanova

Vídeo: Tamboura Films

Redes: Paulina Funes

Dirección de produción: Pistacatro

Auxiliares de produción: Angélica Riego, Greta Mari

Auxiliar de son: Sara Garcia



Auxiliares montaxe: Guillermo Botello, Antonio Saiñas

Coa colaboración da Mostra de Teatro Cómico de Cangas, o Concello da Baña, o Concello de Santiago e AGADIC

Agradecimentos especiais: Clotilde Vaello, Ramón Yoshimura, Concello de Negreira, Galicia Danza Contemporánea, Diego Anido e a todo o público que nos acompaña a Pistacatro dende hai case dúas décadas



RAIDER DE ILUMINACIÓN



GRUPOS PARA LED


- 1 > 10
- 5 + 6 contra
- 1 > 4 lateral izquierdo
- 7 > 10 lateral derecho

GRUPOS MÓVILES



- Contra en ponerlos en espejo
- M + L
- Posición Paula especial solo habitación derecha 2º piso
- A + B + K + E
- Posición aéreos centro
- A + B + E > F + G + K
- Posición habitaciones

- A 1 dcha
- C 2 dcha
- D 3 dcha
- F 1 izda
- H 2 izda
- J 3 izda

Móviles montados por arriba



PAR LED montado por abajo



CONTACTO:

Belém Brandido

distribucion@pistacatro.com

www.pistacatro.com



PISTA CATEO